



Programación cultural OLEIROS

outubro-novembro
2024

Teatro

Sábado 5 de outubro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Programación da Rede Cultural
da Deputación da Coruña

Culturactiva Producións: *As Alumnas*

Premio Nacional de Literatura Dramática 2023
Premio Follas Novas 2023 ao mellor libro de teatro
Premio Luísa Villalta a proxectos pola igualdade

Autoría: Paula Carballeira

Dirección: Fina Calleja

Elenco: Anabell Gago,
Mónica Camaño


Xénero: teatro

Duración: 70 min

Público: adulto
(maiores de 12 anos)

Prezo: 4 euros

Sinopse: Elvira Fontao e Rosa Lires, antigas alumnas de María Barbeito, volven atoparse na data da morte da mestra, no ano 1970. Xa son mulleres. Atrás queda a infancia, o mundo que lles abriu a mestra antes de que o Comité de Depuración a afastase do seu traballo na escola. Porén, son as dúas únicas alumnas que lle escribiron cartas contándolle o que foi das súas vidas. A través desas cartas, e da reconstrución daqueles tempos nos que eran as mellores amigas, iremos descubrindo como as decisións marcan o destino de cadaquén, e o medo, e a rebeldía.



Teatro

Sábado 12 de outubro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

*Proxecto gañador do
III Certame de Proxectos
Teatrais Manuel María*

Producións Teatrais Excéntricas en coprodución co Centro Dramático Galego: *O auto do Castromil*

Autoría: Manuel María

Dirección e dramaturxia:
Quico Cadaval


Elenco: Patricia Vázquez,
Rocío González, Víctor
Mosqueira e Marcos Orsi

Duración: 85 minutos

Público: adulto
(maiores de 12 anos)

Prezo: 4 euros

Sinopse: Con este proxecto Excéntricas gaña o III concurso de proxectos que convoca a Fundación Manuel María e que recibe o apoio de máis de corenta concellos e institucións de Galiza. A obra acontece nunha viaxe onírica abordo dun coche de liña. Os viaxeiros dormen e tal vez o condutor. As maletas e demais bagaxes amotínanse, cobran vida e repasan unha curiosa historia de Galiza, combaten a nosa amnesia conxénita usando autos populares e farsas do autor chairego. Nelas aparece a historia alucinada dun pobo que loita, é derrotado, volve levantar a cabeza e rebelarse de novo. Unha rebelión na que, ás veces, non temos máis armas que o humor e o espírito entroidesco. O auto do Castromil é unha viaxe en transporte público pola Galiza inconsciente.



Teatro

Sábado 19 de outubro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Programación da Rede Galega
de Teatros e Auditorios-AGADIC

Sarabela Teatro: *O Dragón de ouro*

Autoría: Roland
Schimmelpfennig

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda

Elenco: Fernando González,
Fernando Dacosta, Sabela Gago,
Fran Lareu e Fina Calleja

Xénero: teatro contemporáneo

Duración: 70 min

Público: adulto
(maiores de 12 anos)

Prezo: 4 euros



Sinopse: Unha noite, nun edificio de varios pisos, nalgún lugar de Europa: un mozo chinés sofre unha forte dor de moas na cociña do restaurante de comida rápida tailandés - chinés - vietnamita, ***O Dragón de ouro***. Non ten permiso de residencia e tampouco atopa a súa irmá desaparecida. No balcón, sobre o ***Dragón de Ouro***, un ancián quere retroceder no tempo mentres a súa neta, grávida, está diante das ruínas da súa relación porque o seu mozo non quere fillos. No piso de abaixo, un home, deixado pola súa muller, visita o seu amigo, un tendeiro enigmático que obriga a unha moza chinesa á prostitución. Dúas azafatas comen no restaurante. Unha delas topa e garda unha moa que caeu na súa sopa tailandesa.

Intercalada entre as escenas, está inserida a Fábula da Cigarra (que non gardaba nada no verán) e pídelle á Formiga que lle dea de comer.

Teatro

Sábado 26 de outubro ás 19.00 horas
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Programación da Rede Cultural
da Deputación da Coruña

ButacaZero: *Iribarne*

Unha produción de **ButacaZero** en
coprodución co **Centro Dramático
Nacional** e a **MIT de Ribadavia**.

Autoría: Esther F. Carrodegua

Dirección: Xavier Castiñeira

Elenco: Mónica García, Xurxo Cortázar,
Anxo Outumuro, Lidia Veiga, Jorge de
Arcos e Esther F. Carrodegua

Xénero: comedia, teatro contemporáneo

Duración: 180 min (inclúe descanso de 15')

Público: adulto (maiores de 12 anos) • **Prezo:** 6 euros



Sinopse: **IRIBARNE** é un tipo nado na mesmísima vila de Rouco Varela (si: o cardeal) durante a monarquía de Alfonso XIII (o primeiro promotor do cine porno en España?, si-si: ese). Emigrado a Cuba con tan só un aniño -coincidindo coa inauguración da ditadura de Primo de Rivera- tras facer as Américas durante un par de anos, o noso protagonista volve triunfante para ser o fillo do alcalde (e o da francesa!). Empeza o bacharel coa entrada da II República, case -case se fai cura durante a Guerra Civil, pero decide liscar a Madrid, seguindo o rastro doutro galego ilustre- nada máis inaugurada a Era do Devandito (si, claro: O Caudillísimo). Con tanto afán chegou a ser Ministro no seu mandato, a pesar de ter disparado dous días antes contra o cu da súa filla (pero que dis!? Si-si: dato real!). Sendo o primeiro e mellor opositor de España, quixo substituír o Caudillo cando este morreu. Non puido ser: non ía por oposición. Tivo que conformarse co cargo de vicerrei na súa querida Terra Galega.

Danza

Sábado 9 de novembro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Programación da Rede Cultural
da Deputación da Coruña

Laboratorio Escénico: *Blues de media noite*

Autoría: Alba Fernández Coteló

Dirección: Alba Fernández Coteló

Elenco: Alba Fernández (danza e teatro), Marian Ledesma (voz e teclado), Julio Cuns (guitarra), Juan Tinaquero (contrabaixo e baixo eléctrico), Bruno Couceiro (batería) e Alfonso Castro (luz e guitarra)

Xénero: danza contemporánea

Duración: 60 min

Público: adulto
(maiores de 12 anos)

Prezo: 4 euros



Sinopse: Cando cae a noite e entra a melodía, acéndense as luces para min.

Blues de Medianoite entra, a ritmo de blues, no misterio e a sensualidade da noite, achegándonos ás raíces negras no movemento e na música, nunha viaxe no tren clandestino que conduce á liberdade. Pon en valor as grandes damas do blues e a riqueza rítmica que vén directamente de África, sempre dende un filtro persoal. Isto é, o NOSO Blues. É un espectáculo multidisciplinar (danza, música e teatro) que transita entre o formato escénico e formato concerto. É un espectáculo feminista, que parte do histórico para chegar á intimidade de cada persoa, recreando a poética do imaxinario propio deste xénero musical, grazas á luz, que nos traslada ao club, ao tren, ao cruce de camiños...

Teatro

Sábado 16 de novembro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Programación da Rede Cultural
da Deputación da Coruña

Ibuprofeno Teatro: *Deadpan Karaoke*

*Premio María Casares 2024 á
Mellor maquillaxe*

*Premio María Casares 2024 ao
Mellor espazo sonoro*

Autoría: Patricia Rodríguez e
Marián Bañobre

Dirección: Patricia Rodríguez

Elenco: Marián Bañobre

Xénero: comedia

Duración: 75 min

Público: adulto
(maiores de 12 anos)

Prezo: 4 euros



Sinopse: Deadpan Karaoke é un espectáculo unipersoal de carácter participativo que propón como ingredientes principais o absurdo, a estupidez, a sorpresa, a comedia, a música e o cine, todo enmarcado nun espazo que transite do real ao onírico cunha clara ambición plástica e que capture o carácter sublime do amor a través de momentos de gran beleza.

Deadpan é unha personaxe incapaz de sentir e de expresar emoción, o que lle outorga a autoridade e a claridade necesarias para descifrar o universo do amor a través desta catarse cómico-musical. Podemos nesta sociedade de narcisismo extremo lanzarnos ao baleiro do amor?

Música

Sábado 23 de novembro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Programación da Rede Galega
de Teatros e Auditorios-AGADIC

Paula Pier: *Eu, Fraude!*



Autoría: Paula Pier

Dirección: Paula Pier

Elenco: Paula Pier,
Chus López, Sandra Pérez,
María Velasco

Xénero: música

Duración: 70 min

Público: adulto (maiores de 12 anos)

Prezo: 4 euros

Sinopse: “Eu, Fraude” é o lugar de encontro entre a poesía, a canción e o escénico que nos impulsa, en forma de viaxe emocional e con visión positiva e esperanzadora, a liberarnos das caretas autoimpostas pola sociedade que nos separan de nós mesmas e das demais.

É, claramente, unha historia de amor propio en forma de festa. Cancións, poemas e textos de composición orixinal conforman un espectáculo co que presentarse con frescura e singularidade dentro do sistema teatral galego.

Teatro

Sábado 30 de novembro ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez (Mera)

Programación da Rede Galega
de Teatros e Auditorios-AGADIC

A Feroz: *Frío*

Autoría: Lorena Conde

Dirección: Lorena Conde

Elenco: Inés Salvado,
Lolo Castro, Bea Romero,
Gustavo Freire, Sergio Piñeiro,
Guillermo Alzugaray

Xénero: teatro de máscaras,
teatro xestual


Duración: 85 min

Público: adulto
(maiores de 12 anos)

Prezo: 4 euros

Sinopse: Quen sabe exactamente que é o que vai facer cada día durante o resto da

súa vida non alberga grandes temores nin demasiadas esperanzas. Akaki podería xurar que o seu porvir está escrito con tinta esluída en liñas nidias e rectas, confía nos trazos seguros e firmes da rutina que o protexe dos grandes males e das alegrías inesperadas. Ata que un insignificante suceso doméstico introduce unha luz brillante no clarescuro: nace a necesidade e, como expresión máis elaborada desta, o desexo. **Frío** é un espectáculo de teatro físico, máscaras e música en directo baseado liberrimamente na extraordinaria obra de Nikolái Gógol, *O abrigo*.



Auditorio GABRIEL GARCÍA MÁRQUEZ ▼



Rúa do Chelito, s/n. Mera/Serantes

● As entradas poñeranse á venda con antelación a través de www.giglon.com e no propio auditorio una hora antes de cada espectáculo o mesmo día do evento, ata completar a capacidade da sala.

● Prégase puntualidade. Por respecto aos e ás artistas e ao público, non se permitirá o acceso ao patio de butacas unha vez iniciado o espectáculo.

- En atención á lexislación vixente será de obrigado cumprimento o respecto á capacidade máxima de cada sala.
 - Non se permite comer nin beber dentro do patio de butacas.
 - Os móbiles permanecerán apagados durante o espectáculo.
 - Non se permite fumar en ningún espazo do auditorio.
 - Non se permite filmar, gravar ou sacar fotografías sen a correspondente autorización.
 - Todos os espectáculos poderán sufrir modificacións canto a datas, horarios ou capacidade da sala.
-



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



XUNTA
DE GALICIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais



Deputación
DA CORUÑA

Concello de  Oleiros